

Real Decreto 223/2008

Verificacións das liñas eléctricas que non sexan propiedade das empresas de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Todas as liñas deben se obxecto dunha verificación previa á posta en servizo e dunha inspección periódica, ao menos cada tres anos.

As verificacións previas á posta en servizo deber ser feitas polas empresas instaladoras autorizadas que as executen.

Nas Liñas de tensión nominal ≤ 30 kV

A inspección periódica pódese substituír por unha verificación periódica.

As verificacións periódicas serán feitas por técnicos titulados con competencias neste ámbito, con certificado de cualificación individual

Verificación inicial previa á posta en servizo, e verificacións periódicas

Para liñas eléctricas con condutores illados con pantalla, faranse, ao menos, os ensaios de comprobación do illamento principal e da cuberta.

Nas liñas aéreas e nas soterradas con cables illados instalados en galerías visitables, realizaranse, ademais, ensaios de medida da resistencia do circuíto de posta a terra e, no caso de que corresponda, a medida das tensións de contacto.